

## DECRETO DA ALCALDÍA

### ASUNTO: NOMEAMENTO DE ADMINISTRATIVAS GABINETE ALCALDÍA. PERSOAL EVENTUAL CORPORACIÓN 2023-2027.

Expediente GD 8445/2023

En sesión plenaria de organización da nova Corporación Local 2023-2027, celebrada o 28 de xuño de 2023 prestouse aprobación á creación de 7 postos de traballo de persoal eventual de confianza.

Mais concretamente, no punto décimo se crearon 3 postos de persoal eventual para o Goberno e 4 postos de persoal eventual para a oposición.

Os postos para o Goberno (3) son 1 técnico/a e 2 administrativos/as de Gabinete da Alcaldía.

Visto todo o que antecede, esta Alcaldía no uso das súas atribucións, mais concretamente das previstas nos artigos 21.1.h) e 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), **Resolve:**

**Primeiro.-** Nomear o seguinte persoal eventual de confianza de Gabinete Alcaldía

**Elisa Suárez Vázquez**, con DNI [REDACTED] coa categoría profesional de administrativa de Gabinete de Alcaldía.

**Beatriz Martínez Domínguez** con DNI [REDACTED] coa categoría profesional de administrativa de Gabinete de Alcaldía.

As características son as recollidas para este posto no acordo plenario de organización de 28 de xuño de 2023. A súa xornada laboral será a ordinaria do resto do persoal municipal, sen prexuízo da súa especial dispoñibilidade, segundo as necesidades da Alcaldía.

Terán unha retribución bruta anual cada administrativa de 29.828,67 euros, que se percibirán en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe. As súas retribucións experimentarán a mesma modificación que a do resto do persoal municipal.

**Segundo.** O nomeamento terá efectos dende o 30 de xuño de 2023, previa aceptación das mesmas.

**Terceiro.** Publicar esta resolución a efectos de xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia do Concello de Ames.

Ames, a data da sinatura dixital

O alcalde

A secretaria

José Blas García Piñeiro

Rosa Ana Prada Queipo

C.I.F.: P - 1500200 - I

HASH DO CERTIFICADO:  
0FD2C3778C7B204299B5CEED06905C86F28BDE1  
DCAFA08587B6280B37A145073275F726E60DD84CA

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2F2CD72B5317D454994

POSTO DE TRABAJO:  
Alcalde  
Secretaría

NOME:  
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS  
PRADA QUEIPO, ROSA ANA